

Carlos Martínez-Barbeito e Federico García Lorca¹

Luís Pérez Rodríguez

RESUMO A amizade de Carlos Martínez-Barbeito e Federico García Lorca é un capítulo máis na relación do poeta granadino con Galicia. Este artigo tenta esbozar a figura intelectual e humana de C. Martínez-Barbeito, o amigo que Federico coñeceu en 1932, a súa relación cos compoñentes galegos da xeración dos trinta e a continuación da súa vida literaria en España, antes e despois da guerra civil. O epistolario de Martínez-Barbeito e os periódicos dos anos trinta amosan este ambiente universitario compostelán. Desde a perspectiva marxista e nacionalista, as acesas polémicas sobre a arte e a cultura entre Martínez-Barbeito e Arturo Cuadrado, exercendo Ánxel Fole de oficial de cerimonias, eran difíciles de dixerir. A traxectoria cultural e a fidelidade de Martínez-Barbeito co seu amigo granadino continuou na posguerra, defendendo a súa memoria con valentía.

ABSTRACT The friendship between CM-B and FGL is another facet in the relationship of the Granadan poet with Galicia. This article attempts to delineate the intellectual and human traits of CM-B, the friend whom FGL first met in 1932, his relationship with the Galician members of the generation of the thirties, and the evolution of his literary life in Spain, both before and after the Civil War. His letters and the newspapers of the 1930s give a good picture of the atmosphere in the University of Santiago de Compostela. The fierce arguments between CM-B and the Marxist-Nationalist Arturo Cuadrado, with Anxel Fole acting as moderator, were somewhat indigestible. CM-B's cultural development continued after the war, as did his loyalty to the memory of his Granadan friend, whose reputation he bravely defended.

135

¹ Este artigo foi escrito en xullo de 1998 (*tempus fugit...*) e lido como relatorio no Congreso sobre *García Lorca en Galicia: García Lorca, poeta en galego*, organizado pola Facultade de Filoxía da Universidade de Santiago de Compostela e celebrado nese mesmo ano. Como aínda non se deron ao prelo as Actas do Congreso, agradecemos a súa publicación, por cremos que segue tendo actualidade, pois figuras como a de C. Martínez-Barbeito deben ser estudadas se queremos afondar na nosa historia e intrahistoria máis recente.

A figura de Carlos Martínez-Barbeito pertence a ese grupo de escritores galegos de expresión castelá que, por causas moi variadas pero nunca xustificadas desde a crítica literaria, son inxustamente esquecidos no campo das nosas letras.

A súa novela *El bosque de Ancines*, como afirmaba J. M^a Castroviejo, superaba “en interés, precisión y brío, a toda la menguada fauna novelística que hoy pulula y crece”² e *Las pasiones artificiales*³ é un texto por descubrir para o público lector galego, de elegancia estilística, no que o autor mostra as súas personaxes desde unha galería narrativa transparente, con ricaz psicoloxía.

Como poeta salientamos *Elegía a la muerte de mi padre*, texto poético de ton arrebatado, que nos recorda o verso de Miguel Hernández “la lengua en corazón tengo bañada”, pero dentro dunha moldura literaria que sabe conter a emoción poética.

Realizou estudos bio-bibliográficos e de crítica literaria sobre Pardo Bazán, Juana de Vega, Sofía Casanova, Martínez Salazar, Luís Seoane, X. Cornide. Outros, de temas máis especializados, como o seu libro sobre os *Pazos galegos* ou o *Auto galego. Institución procesal típica da Audiencia de Galicia*, a súa tese de doutoramento. J. Luis Cano, no seu momento –*Ínsula*, Madrid, 1952–, recensionou de forma moi eloxiosa o seu estudo de *Macías El Enamorado e Juan Rodríguez del Padrón*, –estudo e antoloxía editados por Bibliófilos galegos, Santiago de Compostela–, como a semblanza máis completa que se fixera até entón.

A figura humana e literaria de Carlos Martínez-Barbeito ilumina tamén moitas sombras da España da longa noite de pedra franquista, pois el foi testemuña nela, ás veces a contracorrente duns e doutros, sufrindo a incomodidade da incompreensión das dúas Españas, a do interior e a do exilio. Pero aí quedan os seus servizos de home liberal e amante da convivencia, como os que prestou á cultura catalá dos anos cincuenta, en Barcelona, co tamén galego Manuel Casado Nieto, intermediando e mesmo presidindo con discreción

² Vid. carta de J. M^a Castroviejo a Carlos Martínez-Barbeito, 13-VI-1947. Biblioteca C.M.B., coa autorización de Isabel Martínez-Barbeito. Esta novela foi levada ao cine co título de *El bosque del lobo*, dirixida e realizada por Pedro Olea, con guión do galego Juan Antonio Porto e acadou o Premio Internacional de cine relixioso e de valores humanos de Valladolid.

³ Traducida ao portugués por Manuel Jacinto –Edições Sousa e Costa, Lisboa.

tertulias e veladas literarias, que facían posíbel que a intelectualidade catalanista puidese reunirse para promover a súa cultura. Cartas de Salvador Espriu, J. M. López Picó, Carles Soldevilla, Carles Riba testemuñan este agradecemento expreso. En Madrid, foi xefe de programas culturais, dramáticos e asesor cultural de RTVE. Tamén, director da Casa de América, cargo desde o que impulsou as relacións culturais cos países irmáns hispanoamericanos.

A vida literaria de Carlos Martínez-Barbeito e a da súa xeración universitaria fascinaron a Federico, cando chega por segunda vez a Galicia, na primavera de 1932, e coñece a Carlos Martínez-Barbeito. Este é un estudante de Filosofía e Letras e de Dereito, na Universidade de Santiago, que acaba de ser premio extraordinario de reválida de bacharelato e ten sona de escritor novel, moi lido e familiarizado coa cultura, nas publicacións da súa cidade natal: *El Orzán*, *El Momento*, *La Voz de Galicia*, *Adelante*.

Da etapa de estudante de bacharelato na Coruña, sacamos o seu primeiro perfil de home amante apaixonado pola cultura, unha das razóns de toda a súa vida. Os seus artigos, asinados co seu nome ou con pseudónimo –C. Losar, C. Franco– son ilustrativos dos seus ideais mozos de progreso cultural, cheos de fe no porvir. Así, en “La juventud” –*El Momento*, 28 de febreiro de 1930– proclama para a xuventude un ideal de cultura e de loita polas cousas nobres. A xente nova debe construír, di, un Ateneo de cultura libre. Con clara formación laica, critica con firmeza as medidas de apoio á natalidade do ditador Primo de Rivera e esixe, a cambio, que os esforzos se dirixan a crear industrias e a favorecer o comercio e a agricultura. Sempre está pensando no público ao que van dirixidos estes artigos, o da súa cidade, para a que quere que sexa a primeira en cultura e progreso material. Con tan só quince anos, publica en *Galicia*, do Centro galego de Montevideo, un artigo describindo a súa cidade coma se fose un ser vivo, mostrándollela aos de fóra, coa fascinación de todos os seus caracteres físicos, morais e sociais, con gran querencia. Aproveita as viaxes polo estranxeiro para propór todas as novas que observa e valorar as propias da súa cidade, A Coruña (vid. “*De la Torre de Hércules a la Torre Eiffel*”, I, II, III).

Carlos Martínez-Barbeito escribirá:

Un joven universitario español de mil novecientos treinta y tantos, un escritor incipiente entonces, con la petulancia típica de sus pocos

años, podía creerse en posesión de las claves fundamentales de la cultura española con sólo conocer más o menos a fondo la literatura en castellano, exponer con relativa precisión a Ortega y Gasset, haber devorado febrilmente a Unamuno y a los prosistas del 98, haber leído con pasión y visto muy de cerca a los maestros Antonio Machado y Juan Ramón Jiménez y a los poetas que aún no tenían edad de magisterio pero que ya empezaban a ejercerlo: la generación que provisionalmente llamamos del 27⁴.

Pero hai unha carta do seu amigo José M^a Domínguez García que nos pode ilustrar até onde chegaban as aspiracións culturais desta xeración de universitarios. Aproveitando unhas vacacións na Ramallosa, coméntalle que xa leva lido uns cantos libros:

Werther de Goethe, Conocimiento del hombre de Adler, Grandeza y seridumbre de la Inteligencia, Una introducción a la filosofía, La bien plantada de E. D'Ors, el primer volumen de La decadencia de Spengler, Los dos hidalgos de Verona, de Shakespeare, las Odas de Horacio, La ciencia del estilo gótico de Worringer... Ah! He leído el Don Juan y la Doña Inés de Azorín...

138

Todo un programa de lecturas para unhas vacacións dos nosos estudantes de hoxe.

Carlos Martínez-Barbeito, na súa conferencia da Guarda, en homenaxe ao seu amigo Feliciano Rolán, o 16 de agosto de 1970, recreaba ese ambiente estudantil, que buscaba a camaradería fóra dos recintos académicos. Nos cafés, tabernas, pola rúa ou baixo os soportais, disputaban os saberes e non saberes da época. Un lugar frecuente de reunión era a librería de Arturo Cuadrado na Calderería, onde se reunía a peña *Niké*, formada por profesores novos, estudantes, poetas, pintores, músicos e artistas: Luís Manteiga, R. Carballo Calero, Fernando Barros, Arturo Cuadrado, Fernández del Riego, A. Fole, X. M^a Castroviejo, L. Seoane, Eiroa, C. Maside, Laureano Santiso Girón, Álvaro Ruibal, Luís Tobío, X. M^a Domínguez, Granell, F. Rolán. Alí tamén se fra-

⁴ Vid. "Carlos Martínez-Barbeito, 1953. Descubrimiento de Carles Riba", en *Carles Riba e Galicia*, Vigo: Galaxia, 1993, p. 41.

guou a editorial *Niké* e a revista *Resol*, que repartía de baldé e en papel de cor a nova literatura, mesturada coa antiga⁵.

Nesta mesma conferencia, Carlos facía algunhas precisións xeracionais que considero de interese reproducir:

Aquella generación sustituía, en Santiago, a la que había creado, a la sombra de Cotarelo y de Cabeza de León, el Seminario de Estudios Gallegos y a la que unos hados propicios (bien pronto se trocarían las cañas en lanzas ensangrentadas) empezaban a desperdigar por cátedras, clínicas, reboticas, notarías, archivos y redacciones de periódicos.

En un tiempo en que España y, por supuesto, Galicia, se pronunciaba por unos o por otros idearios y soluciones, a la generación de mil novecientos treinta y tantos le hubiera sido imposible –aunque no se lo mandara el hervor de la sangre joven y generosa– mantenerse en una fría, aséptica contemplación de las creaciones puras del pensamiento, de la ciencia y del arte. Y se declaraba, en peso, beligerante. Algún día habrá de estudiarse y valorarse el papel de aquella generación, al igual que su inmediata antecesora, la del Seminario de Estudios Gallegos, desempeñó, aunque de un modo críptico y subrepticio, en la formación de las minorías cultas de Galicia en los tiempos que siguieron. Tiempos en que aquella generación enmudeció y fue desmochada y dispersada por los acontecimientos y que, hoy, en la perspectiva de los años se nos aparece como un friso inmóvil en que los gestos y las voces quedaron fijados para siempre, petrificados en su última crispación. Sin embargo, parte al menos, de aquella generación pudo rehacerse y hoy influye en la formación de una conciencia gallega total –de pensamiento, de sensibilidad y de acción– por que la fuerza del espíritu y la pasión del ánimo sobreviven...

139

⁵ Arturo Cuadrado, entusiasmado co proxecto, escribíalle a Carlos: “Ramón dice que *Resol* es una maravilla. Se entusiasmó. Y es que aun no sabemos lo que representa *Resol* en nuestra generación” –carta de 21 de setembro de 1932. Como sabemos, Federico García Lorca publicaría no seu primeiro número –maio 1932–, o seu poema “La monja gitana” e no número seis –diciembre de 1932– o seu “Madrigal a la ciudad de Santiago”. Carlos tamén cita outro lugar de reunión, máis selecto, na rúa Xelmírez, onde García Sabell tentaba concertar as discordias. Di: “Formaban un grupo no poco aislacionista, aunque nunca del todo excluyente y se llamaban, a si mismos, los *Merry boys*. Eran Casal Aboy, Gallego, Álvarez González, Álvarez García y Prieto. Todos, como Domingo, estudiantes de medicina”.

O epistolario de Carlos Martínez-Barbeito garda testemuños reveladores do espírito daquela xeración. As cartas de Arturo Cuadrado, Ánxel Fole ou Luís Manteiga afirman a valía intelectual de Carlos. Este desempeña distintos postos de responsabilidade nas organizacións universitarias. Como vogal e, máis tarde, como vicepresidente da FUE, solicita de Fernando de los Ríos, ministro de Instrución pública e Belas Artes, libros para a universidade e presenta actos seus, como o do 17 de abril de 1932 no Teatro Principal, e a personalidades ilustres, como don Manuel Casás, a quen el mesmo invitara a dar unha conferencia no paraninfo da universidade, sobre “Los delincuentes en la literatura y en el arte”. Está presente na constitución do Comité de Cooperación Intelectual, á que asisten tamén o Alcalde, o Reitor e o Delegado do Comité de Madrid, o Sr. Soria. Como presidente da Asociación profesional de Estudantes de Dereito, encarga un ciclo de conferencias sobre economía galega a Alexandre Bóveda.

Chegados aquí, habería que situar a Carlos Martínez-Barbeito dentro do grupo e, en especial, tratar de entender o seu concepto de cultura que, desde os anos de bacharel até, penso, os seus derradeiros momentos, seguiu defendendo sempre.

140

Para el, a cultura entrañaba “un contido irreductible ao campo sectorio”. Debía levar ao pleno desenvolvemento do individuo e da súa liberdade de pensamento e crítica. De aí, as súas polémicas cos compañeiros, de orientación marxista e tamén nacionalistas, pensamentos ou posicionamentos que para el significaban máis un método ca un fin.

Así, entendemos que se entusiasme con actividades e visións culturais ás veces aparentemente diferentes. Participa no novo movemento de cultura popular, comenta de maneira moi eloxiosa *Viaje y fin de don Fontán*, vendo nesta traxedia de ambiente mariñeiro unha farsa de estirpe valleinclanesca, de linguaxe sensíbel e elegante; tamén as exposicións de pintura de Arturo Souto e Carlos Maside, mentres dá conferencias sobre a poesía de Lope de Vega, as *Rimas* de Bécquer ou a obra de Walt Whitman.

Esta visión polifacética e universal de cultura, o seu sentido de cousa viva, sempre en evolución, variada e múltiple, orientou os seus principios estéticos e críticos ao longo da súa vida, pero estaban xa ben fundamentados nestes anos.

Este posicionamento levouno a manter vivas polémicas con Arturo Cuadrado, Ánxel Fole e Álvaro de las Casas. Pedía cambios sen convulsións, pacificamente, e non entendía como o mundo en que vivía debía estremecerse coa violencia: “Siempre las armas invadiendo el campo ya menguado de la espiritualidad”, dicía.

En efecto, a polémica xurdira cunha conferencia que Carlos dera na Universidade co título de “Perfil del Arte desrealizado”. Seguindo as teorías orteguianas da deshumanización da arte, defende a contracorrente as súas ideas:

(...) Pocos piensan hoy en asignar al arte otra función que la estética. Estos son los dictadores, llámense marxistas o fascistas, que necesitan para llegar a la masa una idea política o social y utilizan el arte como conductor. El fin me parece bueno, pero repudio los medios, que son un fraude...

A polémica estaba servida. A. Cuadrado contraataca en *El Noroeste* –30 de xaneiro de 1932–: “Frente del Arte social”. Defende a militancia social e revolucionaria do artista. É posíbel unha arte social, di. A arte pola arte é, simplemente, unha inmoralidade. A arte das minorías é unha arte inútil.

141

Carlos Martínez-Barbeito, quen sempre mantivo con firmeza as súas conviccións, replica con outro artigo novo: “Defensa del Arte puro” –*El Noroeste*, 1 de febreiro de 1932–. Despois de indicar as fontes nas que bebe A. Cuadrado, as marxistas, reafirmase na defensa da arte desrealizada:

(...) Yo –no tan puramente liberal como él me cree, aunque valiosamente, dolorosamente individualista– concibo al artista independiéndose del ambiente, superando el ambiente. El artista expresa su pensamiento a través de la obra de arte...

(...) Si el arte se liga al momento histórico, perece con él. Es necesario que se liberte...

Intervén na polémica Ánxel Fole, tamén en *El Noroeste* –9 de febreiro de 1932–. Analiza as dúas posturas dos seus amigos e, sen darlle a razón plenamente a Carlos, tampouco lla quita a A. Cuadrado. E preguntábase: “¿Existe un concepto de arte inalterable, formado con plena validez para todas las épocas o cada época –consciente o inconscientemente– se forja el suyo?”. Proponse contestar outro día a esta cuestión.

El Noroeste, divertíndose coa polémica, recreáase nela:

(...) Ahora surge esta polémica sobre arte social y arte desrealizado entre Barbeito y Cuadrado, con la intervención pulcra y malévola –de agente de aduanas– de Ángel Fole...

Do bando nacionalista, Álvaro de las Casas criticaría a Carlos con dureza, como símbolo dunha nova intelectualidade galega, que el define como “elegantes”, que se despreocupan de todo o referente a Galicia, so pretexto da súa universalidade. Carlos replicaralle en *El Orzán* da Coruña, explicando que Galicia debe abrirse ao mundo e non empoleirarse en si mesma.

Creo que Carlos Martínez-Barbeito seguiría, ao longo da súa vida, defendendo esta mesma postura, este mesmo sentido da cultura, sen ningún entusiasmo polos radicalismos, viñesen estes tanto do campo da confrontación social coma dos nacionalismos e de aí tamén moitas das críticas que recibiu dos dous bandos.

142 Esta era a intrahistoria desta xeración dos trinta e este era o ambiente que vai atopar Federico García Lorca, cando chega a Santiago de Compostela e toma contacto con este grupo.

Vén invitado polo Comité de Cooperación Intelectual de Santiago, como farían con outras personalidades ilustres, como Ramón Gómez de la Serna, o aviador galego Francisco Iglesias ou o guitarrista Regino Sáinz de la Maza.

Teño narrado, máis por extenso e con abundancia documental, a relación de Carlos Martínez-Barbeito e F. García Lorca, no meu libro *O Pórtico poético dos Seis poemas galegos de F. García Lorca*⁶. Aquí vou seleccionar algúns momentos intensos daquel encontro e engadir algunhas circunstancias literarias que inciden aínda máis nesta relación.

Deste grupo de galegos que recibe a Federico nestas viaxes a Galicia do ano 1932, foi Carlos sen dúbida o máis achegado á querencia de Federico. Acompañouno polas rúas de Santiago e está á súa beira nos actos máis importantes: visita á Catedral, á Colexiata de Sta. María a Real do Sar, ofrenda

⁶ Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega, 1995.

floral a Rosalía de Castro, para quen García Lorca pedía por estes anos unha homenaxe universal do mundo intelectual e artístico.

Pasa con el momentos de animada conversa no café Suizo, onde Federico lle dedica libros seus, debuxando neles figuras de amizade. Carlos preséntao na súa conferencia da Sociedade Compostelá de Amigos do País.

Aquí comeza unha amizade intensa, da que dá boa mostra a carta que Concha Méndez e Manuel Altolaguirre lle envían a Carlos, comunicándolle que, por encargo de Federico, publican o seu poema “La Cuartilla”, con acento persoal pero con comprobábeis influencias lorquianas:

Nuestro querido amigo Carlitos:

Al enviarte hoy el segundo número de “Héroe”, en el que figura tu precioso poema, queremos acompañarlo con una carta pues, después de hablar con Federico de ti, te queremos muchísimo, pues es tanto lo que queremos y adoramos al gran poeta, que el que tú lo quieras es la mejor manera de querernos. Después de leer “La Cuartilla”, te veo tan unido a Federico por influencias líricas y personales, tan derivado de él en tus expresiones, que no quiero dejar de decírtelo y no como censura sino como elogio, pues la mejor manera de demostrar sensibilidad es dejándose influir por los grandes valores.

Federico es el Víctor Hugo del neorromanticismo español y será el más glorioso poeta de nuestro siglo.

La sorpresa es la edición de tu poema que Federico, por favorecernos y agradarte, nos encargó imprimir. Mucho nos alegrará que te guste. Ayer nos casamos y somos muy felices.

A relación dos dous amigos, naquel verán de 1932, mantívose fluída, pois Federico envíalle cartas, facéndoo partícipe dos seus proxectos máis inmediatos. Anímao a ser poeta e mándalle poemas seus, como “Demonio” –da súa *Oda al Santísimo Sacramento*– “Tierra y luna” e “Asesinado por el cielo”.

Interésanos en especial a viaxe que Federico realiza en novembro de 1932, cando entrega o seu primeiro poema en galego para a revista *Yunque*. Por aquelas datas, como dixemos, Carlos era un estudante distinguido, con ansias de saber e con moi boas relacións de amizade con Ánxel Fole, Luís Manteiga e Francisco Lamas, os receptores do *Madrigal*.

Ánxel Fole, en carta de 10 de xullo de 1932, eloxia o seu poema “La Cuartilla”, á vez que lle explica os proxectos de *Yunque* e lle pide algún traballo para publicar.

(...) Tu “Cuartilla” está muy bien: bella y garbosa.

El día 25 saldrá “Yunque”. Colaboran en él, al margen de todo designio político, un grupo de gentes nuevas, sin historia literaria. Cada número tendrá 24 páginas de papel excelente, láminas con dibujos, fuera de texto, y costará 50 cts.

Tengo especial interés en que me envíes para este número algún trabajo en verso, inédito, o en prosa...

A relación con Luís Manteiga é máis fonda. As cartas de Manteiga expresan unha sinceridade aberta, descubríndolle o seu angustiado vivir, entre o seu ideal pola cultura, as súas penurias económicas e a súa enfermidade pulmonar⁷. Está tamén en Lugo, metido no proxecto de *Yunque*, buscando un novo modo de vivir. Cóntalle que Federico estivo na cidade das murallas:

(...) Yo sé de ti por Lorca, por él que llenó tres días nuestros y, al saber de ti, quiero escribirte. He de sorprenderte, yo vivo en Lugo, no sé si definitivamente, he venido aquí a buscar un modo nuevo de vivir y eso es todo. Y Lorca ha caído entre nosotros, nos habló de María Blanchard y nos dijo sus versos y nos habló de ti, del Carlitos limpiamente amigo y paseamos mucho, él, Lamas y yo, por el anillo de las murallas. Y Lorca hizo aquí el milagro de que le aplaudiesen sinceramente los que están muy lejos de él y de las cosas, y Lorca nos dejó para *Yunque* su primera poesía gallega, hecha en Santiago, como un mentís intuitivo a la grosería ignara, cretinesca de un galleguista cínicco...

(...) *Yunque* saldrá mañana y con él tus cosas, y nosotros queremos hacer de *Yunque* una revista de juventud; Souto, Maside, Colmeiro están con nosotros y vendrán más, todos, porque la hora es propicia, pero no hay dinero y hemos hecho el último esfuerzo emitiendo acciones, por si tienes ahí a quien colocárselas, en cuyo caso nos mandas nota del número y del nombre...

⁷ Solicita de Carlos a súa mediación ante o seu amigo o doutor Marañón, para poder curar a súa lesión pulmonar, como enfermo pensionado nalgún sanatorio.

O primeiro poema lorquiano, o *Madrigal*, publicado no número seis de *Yunque* –outono de 1932–, conxuntamente con dúas poesías de Carlos Martínez-Barbeito –“Apolitikón” e “Sin Dios”– ponos na pista que Eduardo Blanco-Amor sempre afirmou: a presenza de Carlos neste poema. A súa relación con Francisco Lamas, A. Fole e L. Manteiga –amigos moi achegados a el naquelas datas– e, sobre todo, o desexo de Federico de conducilo polos vieiros da poesía, animándoo a publicar a carón del a súa poesía en galego, son datos externos ao poema, pero que o explican mellor.

A amizade de Carlos con Federico vai continuar en Madrid. O propio Martínez-Barbeito confesaríame que foi precisamente Federico García Lorca e o catedrático de Filosofía do dereito Luis Recasens, quen tentaron convencer a seus pais para que lle permitisen proseguir os seus estudos en Madrid, pois pensaban que era indispensábel para a súa formación posterior. Estes accederon, xa que tamén eles estaban convencidos de que iso era o mellor para o seu fillo.

Instálase na Residencia de Estudiantes *Fundación del Amo*, na cidade universitaria, filial da Residencia de Estudiantes, onde vivía o seu irmán X. María Martínez-Barbeito –estudante da Escola de Enxeñeiros industriais– e á que el non puidera acceder por falta de prazas para aquel curso.

Foi discípulo directo de Jiménez de Asúa, Clemente de Diego, Recassens, Zubiri, Américo Castro, García Morente, Ortega e Gasset, Fernando de los Ríos.

Grazas a Recassens, tivo trato amigábel con Unamuno, Ortega, Morente e María Zambrano. Por mediación de Federico, relacionouse cos poetas do 27 V. Aleixandre, L. Cernuda, M. Altolaguirre e poetas máis novos, como Luis Rosales e X. Luis Cano.

Pero non esquece os seus amigos de Galicia e dá a coñecer a nova literatura galega, como testemuñan as cartas de Ánxel Casal desde Santiago, agradecéndollo, ou a de Ramón Sijé, desde Murcia, acusando recibo do seu envío de *Yunque*⁸.

⁸ No periódico *El Clamor de Murcia*, que dirixe Ramón Sijé publicará Carlos poesías súas: “Voces de silencio”, 1 de outubro, Orihuela, 1932.

Carlos seguirase a ver frecuentemente con Federico na Residencia de Estudiantes e nas estreas do seu teatro, mentres continuaba co seu labor cultural, xa iniciado en Santiago. Articulista, conferenciante, promotor de actividades culturais: conferencia sobre Arturo Souto e a pintura, artigos literarios sobre poesía –o destino do poeta–, interpretacións vitais sobre *O Quixote* ou reseñas críticas sobre as actividades estudantís da Residencia. É importante apreciar como atina nos seus xuízos primeirizos sobre algúns poetas do 27. Critica abertamente a Miguel Pérez Ferrero por subestimar a poesía de V. Aleixandre, L. Cernuda e M. Altolaguirre, ao comparalos con Salinas, o autor de *La Voz a ti debida*. Está de acordo con esta última valoración, pero tamén son excelentes poetas os tres primeiros.

Unha foto de época reproduce a un grupo de estudantes da Residencia del Amo, dirixidos entre outros por Carlos Martínez-Barbeito, representando o *Romance de los Infantes de Lara*, con motivo de se inaugurar o Auditorio da Residencia, na primavera de 1935. A esta representación invita a Federico, que acode na compañía de Eduardo Blanco-Amor, que ten a ocasión de coñecer a Carlos por primeira vez. Blanco-Amor narra así aquela representación:

146

(...) También funcionaba por el año 1935, en la Fundación del Amo de la ciudad universitaria, un grupo de excelentes escenificaciones modernas de los romances viejos. Alguna vez fui por allí con García Lorca. Y estuve en la inolvidable representación del Romancero de los Infantes de Lara... Dirigía el grupo y cantaba, muy bien, los romances, Carlos Martínez Barbeito, que es hoy asesor cultural de la TVE...

Carlos asiste ás estreas teatrais de Federico, en compañía de amigos galegos. Despois dunha desas representacións, escribe un comentario crítico –*Gaceta universitaria*, 16 de marzo de 1933– a *Bodas de sangre*, estreada por Josefina Díaz, celebrando un teatro novo, que busca un público máis entregado co espectáculo. Resalta na obra o valor universal, de traxedia cósmica, conducida pola man dun poeta, que vai á natureza directamente, porque a sente e ama. Palabras que, sen dúbida, tiveron que ser moi gratas para Federico.

Despois do asasinato de Federico, morte nunca asumida polos amigos, seguirá difundindo a súa memoria. Visita aos seus pais e manterá coa familia do poeta unha excelente relación de por vida, que continúa na actualidade entre ambas familias: os García-Lorca e os Martínez-Barbeito.

Pero hai un artigo, escrito en 1945, “García Lorca, poeta galego. Un viaje a Galicia del cantor de Andalucía” –*El Español*, Madrid, 24 de marzo de 1945–, que tivo un especial interese, pois serviu de comentario a Díaz-Plaja para sospeitar da posíbel competencia lingüística do poeta, con relación ao idioma galego. Pero este artigo, pola forza do seu testemuño, nunha España que non quería saber da memoria do poeta asasinado, resultou ser un xesto atrevido e valente, se temos en conta que o director daquela publicación pasaba por ser o máis intransixente censor da época: Juan Aparicio.

Carlos toca abertamente temas e valores culturais proscritos, que o franquismo tiña sepultados no esquecemento. Hoxe, aínda nos sorprende como se puido publicar. Fala abertamente de Federico, con admiración, daquela xeración perdida da República, que perdera a maioría dos seus membros na morte e no exilio.

Cando lin, hai xa anos, os *Seis poemas galegos de García Lorca*, parecíame estar nunha illa máxica da literatura, pero tamén da obra de Federico. Máis adiante, ao comezar a estudar máis en profundidade a obra literaria de Blanco-Amor, fun comprendendo mellor esta aventura poética do escritor granadino.

Pero quixen contrastar as miñas conclusións con Carlos Martínez-Barbeito, pois viviu á beira de Federico este tempo dos poemas e, sobre todo, provocara, sen quere-lo, dúbidas sobre o coñecemento do galego de García Lorca, co seu artigo de 1945. Non sei se era a *proba do algodón*, pero si me resultaba necesario, imprescindible, contar co seu asentimento. Sabía que na súa biblioteca se gardaban moitos tesouros e na súa memoria aínda máis. E así foi. Cartas, dedicatorias, debuxos, obxectos de Federico, mentres iniciamos unha conversa, que durou días e meses, na súa casa, polas rúas e en tertulia de café. El alegrábase que o seu amigo poeta, tan barbaramente sacrificado, fose mellor coñecido e eu animábame cos seus xuízos favorábeis á tese do meu libro *O Pórtico poético dos Seis poemas galegos de F. García Lorca: a autoría lingüística e literaria de Federico García Lorca*.

O meu agradecemento a Carlos é dobre, por canto tivo tamén a amabilidade de prologar a segunda edición do meu libro, posibelmente un dos seus derradeiros testemuños escritos.

Luis Pérez Rodríguez
IES A Sardiñeira, A Coruña